

Axudas económicas a través do Programa de Respiro familiar para cuidadoras/es de persoas con dependencia ou discapacidade

Consellería de Política Social. Xunta de Galicia

Obxecto

Axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do programa Respiro familiar, para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas cuidadoras.

Modalidades

1. Respiro no fogar, para financiar a atención puntual, integral e directa no propio fogar da persoa dependente ou con discapacidade.

A axuda consistirá nunha achega para contribuír ao pagamento do servizo de atención a maiores a domicilio para atender necesidades puntuais nos supostos convenientemente acreditados. Esta axuda permite a persoa cuidadora habitual a posibilidade de dispoñer dunhas horas para o seu descanso persoal ou ben para cubrir as súas necesidades puntuais derivadas da conciliación das obrigas laborais e persoais e as responsabilidades familiares que se produzan.

Contía da axuda:

Pode acadar ata o 100 % do custo das actuacións previstas na relación da epígrafe anterior cun máximo de 1.000 euros por beneficiario/ano.

A contía da axuda farase efectiva unha vez que se presente a documentación xustificativa

2. Respiro en residencia, para financiar estadias temporais en centros residenciais da CA de Galicia.

A axuda consistirá nunha achega para contribuír ao pagamento da residencia ante unha necesidade puntual nos supostos convenientemente acreditados. Para dar resposta á necesidade de descanso da persoa cuidadora, esta modalidade prevé a posibilidade de que a persoa en situación de dependencia ou con discapacidade poida acceder temporalmente a un centro residencial dotado dos recursos necesarios para prestarlle unha atención integral. Serán as persoas cuidadoras solicitantes da subvención as que aboan o importe total da estadia que hai que pagar.

Contía da axuda:

Consistirá nunha achega que pode acadar ata o 100 % do custo das actuacións previstas cun máximo de 1.500 euros por beneficiario/a e ano.

Destinatarios/as

Persoas cuidadoras habituais non profesionais que atendan de forma continuada unha ou máis persoas dependentes ou con discapacidade ou en situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.

Requisitos

1. Que ben, a persoa coidadora solicitante da subvención, ou ben, a persoa ou persoas que atenda sexan residentes na C.A. de Galicia.
2. Que a persoa a que se atende presente calquera das seguintes situacións:
 - a) Discapacidade física, psíquica ou mental con necesidade de axuda de terceiras persoas para as actividades da vida diaria, e ter recoñecida polo organismo competente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 75 %.
 - b) Ter recoñecida a situación de dependencia polo organismo competente; grao II ou III.
 - c) Que a persoa a que se atende presente unha situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.

Presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A axuda farase efectiva unha vez que se presente a documentación xustificativa. Serán subvencionables os gastos xerados no ano 2022 dos servizos constituídos polas actuacións que se desenvolvan no período comprendido entre o 1 de decembro de 2021 e o 30 de novembro de 2022.

Prazo de presentación

Ata o 30 de outubro de 2022

Máis información

Servizos sociais do Concello de Touro

Teléfono: 98150400/504029. Extensión 1

ORDE do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a través do programa Respiro familiar para persoas coidadoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS614B).

[Orde DOG Luns, 7 de febreiro de 2022 \(xunta.gal\)](#)